

Sr./a. Director/a:

Coa finalidade de que o proceso das probas de Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU) teña o menor número posible de incidencias, esta Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG) prégalles a maior difusión posible entre o alumnado de 2º de Bacharelato e/ou o alumnado de F.P. que no presente curso se presente ás probas de Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU) das seguintes

INSTRUCCIONES

PRESENTACIÓN DO ALUMNADO AOS EXAMES:

- Todos os alumnos e alumnas deberán acudir á *Presentación* o primeiro día das probas ás 9.00 h. da mañá e logo presentarse á realización dos exercicios á hora sinalada para o comezo de cada un deles.
- Para a realización dos exames, o alumnado deberá levar consigo:
 - D.N.I. ou documento identificativo: pasaporte, permiso de residencia, etc.
 - Bolígrafo ou pluma de tinta azul e/ou negra imborrable .
 - Material axeitado para a realización do exercicio correspondente á materia de Debuxo Técnico II e Deseño, así como diccionario de Latín-Español e/ou Grego-Español e calculadora (véxanse indicacións más abaixo)
- No momento da presentación, o tribunal asignaralle un posto de exame a cada alumno/a, que deberá ocupar en todas as probas.


ERROS NA MATRÍCULA DA ABAU:

Aquel alumno ou alumna que detecte algún erro na súa matrícula da ABAU deberá comunicárlle ao Presidente da correspondente Comisión Delegada na hora establecida para a presentación (9:00 a 10:00 horas), mediante solicitude no formulario oficial que estará a disposición do alumnado na sede da Comisión Delegada.

Unha vez finalizada a hora de presentación do primeiro día das probas, non se permitirá ningún cambio. A aquel alumno ou alumna que se examine dunha opción distinta á que figure na súa matrícula e/ou na solicitude de cambio de matrícula que entregase ao presidente da Comisión Delegada, anularáselle o exame da materia ou materias que non figuren na súa matrícula e/ou na solicitude de cambio de matrícula.

REALIZACIÓN DOS EXAMES:

- Ao empezar as probas, o alumnado recibirá un xogo de adhesivos de código de barras que os identifica. As etiquetas de identificación son persoais e intransferibles.



2

É fundamental o bo coidado destas etiquetas de identificación. Para evitar o seu deterioro e as posibles dificultades de identificación non deben dobrarse nin modificarse de ningún xeito. Recoméndaselle tamén que non as deixen nas aulas nin ao alcance de persoas estrañas.

- Todos os alumnos e alumnas deberán manter os pavillóns auditivos desplexados para a verificación de que non se usan dispositivos auditivos non permitidos.
- **ANONIMATO:** Os exames son anónimos e non poden asinarse nin deberán presentar marcas de ningún tipo (florescentes, sublinhados en cor, etc.) que poidan permitir una eventual identificación persoal. Non observar esta norma pode ser causa de anulación do exame.
- **CADERNO DE EXAMES:** En cada una das probas entregárselle a cada estudiante un caderno de exame formado por dúas follas A-3 (7 páxinas A-4 en branco) e una cabeceira adhesiva (portada). Para redactar as respostas o alumnado pode utilizar as 7 páxinas en branco.
- En cada exercicio só se pode utilizar un único caderno de exame ao que non se lle poderán arrincar nin engadir follas. De darse o caso, os cadernos e/ou follas adicionais non serán tidos en conta na corrección do exercicio correspondente por parte do tribunal cualificador.
- Cada exercicio presenta dúas opcións (**A** ou **B**), o alumnado deberá escoller únicamente unha delas para realizar a proba, que debe ser marcada cun X na portada do caderno de exame. No caso de realizar as dúas ou partes de cada unha delas, corrixirase únicamente a primeira opción realizada.
- Non se poderá abandonar a aula ata transcorrer media hora (30 minutos) desde o comezo de cada exercicio. Trala distribución dos exames todas as persoas (alumnos/as, vogais da CD e representantes de centro) deberán permanecer na aula na primeira media hora de cada exame. Quedan excluídos desta obriga os presidentes e secretarios das CD e, de ser o caso, os membros da comisión organizadora das probas (CiUG).
- O acceso a aula de exame implica sempre a entrega obligatoria do caderno de exame debidamente etiquetado, áinda que se deixase en branco.
- Os exames deberán entregárselle a un membro do Tribunal, para que este comprobé que se lle entrega nas condicións debidas. En ningún caso se deixarán os exames enriba das mesas.

- Se un estudiante non se presenta a algún dos exercicios da Parte Obrigatoria da ABAU, na cualificación correspondente figurará **NON PRESENTADO (NP)**, pero a efectos do cálculo da Nota Media computará como cero.

MATERIAL ESPECÍFICO PERMITIDO:

Dicionarios:

- Exame de Latín II: no exame de Latín II poderá utilizarse o dicionario de Latín-Español (ex.: VOX, SM, etc.), permitíndose o uso dos seus apéndices gramaticais pero non daquelas páxinas (interiores ou apéndices) con contidos literarios e de evolución do latín ao español. Neste caso grápanse o separaranse as páxinas mencionadas antes do comezo do exame.
- Exame de Grego II: pódese utilizar calquera dicionario de Grego-Español e o seu apéndice gramatical.

Nota: os vogais das Comisións Delegadas revisarán os apéndices gramaticais para comprobar que nos mesmos non hai anotacións. De detectarse anotacións nos mesmos consideraranse como "chuletas" e ao alumno ou alumna instaráselle a saír da aula e nese exame poráselle unha cualificación de 0 puntos.

Calculadoras: poderase utilizar calculadora exclusivamente nos exercicios de *Matemáticas II, Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais, Física, Química e Economía da Empresa*.

Non se poderán utilizar calculadoras que sexan programables, dispoñan de pantalla gráfica ou permitan a resolución de ecuacións ou operación con matrices, cálculo de determinantes, cálculo de derivadas ou integrais. Tampouco poderán almacenar datos alfanuméricos. Non pode haber nada escrito nas calculadoras ou nas súas fundas.

Sen capacidade gráfica	✓	Con capacidade gráfica	✗
	<input checked="" type="checkbox"/>		<input type="checkbox"/>

No caso de dúbida sobre a validez dun determinado modelo de calculadora, o Tribunal requiriralle ao alumno ou alumna a calculadora para facer unha valoración das súas características. De comprobarse a presencia dalgunha das funcións non permitidas, retiraráselle a calculadora e non se lle permitirá o uso doutro dispositivo aínda que este cumpla os requisitos establecidos.

MATERIAL NON PERMITIDO:

- **Teléfonos móveis, smartwatch ou calquera outro dispositivo electrónico.** Aos lugares de realización dos exames non está permitida a asistencia con teléfonos móveis, smartwatch, nin outros dispositivos electrónicos (incluso apagados).



4

Especialmente no caso dos reloxos intelixentes, lémbrase que tampouco poden ser utilizados en modo reloxo convencional.

Os vogais das Comisións Delegadas terán especial coidado en que no posto de exame o alumnado non teña consigo o teléfono móvil nin ningún smartwatch ou calquera outro aparato electrónico, agás as calculadoras non programables permitidas.

Todos estes obxectos serán considerados como "chuletas" e a súa presenza no posto de exame será motivo de medida disciplinaria: ao alumno ou alumna instaráselle a saír da aula e nese exame poráselle unha cualificación de 0 puntos.

COPIA E SANCIÓNS:

No caso de que un membro do Tribunal detecte a algúun alumno ou alumna copiando ou facendo un mal uso destas instrucións, logo da súa correcta identificación, instaráselle a saír da aula e nese exame poráselle unha cualificación de 0 puntos. Amais, a comisión organizadora das probas determinará as posibles sancións que se lle aplicarán, que poden implicar a anulación total da ABAU.

Agradecéndolle de antemán a súa colaboración, reciba un cordial saúdo.

Santiago de Compostela, a 9 de abril de 2018.

O PRESIDENTE DA CIUG



CiUG
COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA
DISTRITO UNIVERSITARIO ÚNICO
GALICIA

ANTÓN FERNÁNDEZ ÁLVAREZ

Sres./as. DIRECTORES/AS DOS CENTROS DE BACHARELATO E DE F.P. DE GALICIA